



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

**D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela, Provincia de Lugo**

**Certifico:** Que o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 29 de xaneiro de 2015 adoptou, entre outros, o acordo que transcribo literalmente a continuación:

**“7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/2015, BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, resultando o crédito inicial insuficiente e non podendo ser obxecto de ampliación, co obxectivo que persegue esta Corporación con esta actuación é a adquisición dun vehículo de recollida do lixo, xa que o actual é moi antigo o que supón uns gastos moi grandes en arranxos sí coma a súa carga contaminante, faise necesario tramitar o oportuno expediente de suplemento de crédito de acordo co previsto no art. 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se financiará con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

Vistoque non se considera posible demorar aínda máis o gasto a exercicios futuros, porque no presente exercicio e como consecuencia da liquidación do exercicio 2014, se conta con financiamento para iso, asemade aprobouse por parte da Deputación Provincial de Lugo una subvención extraordinaria por importe de 60.000,00 euros (Acordo Xunta de Goberno Local Ordinaria de data 20 de febreiro de 2015) así coma 34.043,25 euros como actuación concretas a realizar no concello de Paradela con cargo ao Plan de Infraestruturas e equipamentos pertencentes ao resto dos concellos afectados polo canon, anualidades de 2009-2010 (Acordo Xunta de Goberno Local Ordinaria de data 13 de marzo de 2015), e a diferenza ata 150.000,00 euros con recursos propios, é dicir, 55.956,75 €, dos cales 46.057,50 € son obxecto do expediente de modificación de crédito 2/2015 de transferencia entre distintas áreas de gasto, quedando polo tanto unha necesidade de crédito por importe de 9.899,25 €.

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de suplemento de crédito, por importe de 9.899,25 euros, co seguinte detalle:

**Altas en Partidas de Gastos**

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
1621	624	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Recollida de residuos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, elementos de transporte.	9.899,25

Esta modificación financiase de entre os medios sinalados no art. 177.4 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

#### Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descrición	Euros
Cap. Art. Concepto		
870.00	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais. Aplicación financiación de suplemento de crédito.	9.899,25

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 3/2015, baixo a modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de 9.899,25 €, de acordo co seguinte resume:

#### Altas en Partidas de Gastos

Partida	Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto	
1621	624	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Recollida de residuos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, elementos de transporte.
		9.899,25

#### Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descrición	Euros
Cap. Art. Concepto		
870.00	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais. Aplicación financiación de suplemento de crédito.	9.899,25


**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela, 18 de marzo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros.

**E para que así conste e aos efectos oportunos, expido e asino a presente certificación, por orde e co visto e prace do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en Paradela a vinte e sete marzo de dous mil quince.**

V<sup>o</sup> e prace  
O Alcalde



O Secretario-Interventor



De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, **dende o 30 de abril ata o 30 de xunio de 2015**

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e debeñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 17 de abril de 2015.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz

R. 1677

## PARADELA

### Anuncio

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2015, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO**

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 179.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2015, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 2/2015, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, faise público que, tras este expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2015, é o seguinte:

Cap. 1 Gastos de persoal	401.973,25 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	464.600,00 €
Cap. 3 Gastos Financeiros	4.057,38 €
Cap. 4 Transferencias correntes	33.000,00 €
Cap. 6 Inversións	419.426,75 €
Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8 Activos financeiros	0,00 €
Cap. 9 Pasivos Financeiros	26.942,62 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.350.000,00 €</b>

Contra o presente Acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Paradela, a 23 de abril de 2015.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz

R. 1694

### Anuncio

#### **ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2015, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2015, baixo a modalidade de suplemento de

crédito, faise público que, tras este expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do orzamento municipal do exercicio 2015, é o seguinte:

#### ESTADO DE GASTOS

Cap. 1 Gastos de persoal	401.973,25 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	464.600,00 €
Cap. 3 Gastos Financeiros	4.057,38 €
Cap. 4 Transferencias correntes	33.000,00 €
Cap. 6 Inversións	429.326,00 €
Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8 Activos financeiros	0,00 €
Cap. 9 Pasivos Financeiros	26.942,62 €

**TOTAL** 1.359.899,25 €

#### ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1 Impostos Directos	386.500,00 €
Cap. 2 Impostos Indirectos	65.000,00 €
Cap. 3 Taxas e outros Ingresos	120.000,00 €
Cap. 4 Transferencias Correntes	640.500,00 €
Cap. 5 Ingresos Patrimoniais	16.620,00 €
Cap. 6 Enaxenación inversións reais	0,00 €
Cap. 7 Transferencias de Capital	121.680,00 €
Cap. 8 Activos financeiros	9.899,25 €
Cap. 9 Pasivos financeiros	0,00 €

**TOTAL** 1.359.899,25 €

Contra o presente Acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Paradela, a 23 de abril de 2015.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz

R. 1695

## A PONTENOVA

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local, trala aceptación de competencias delegadas polo Concello Pleno (22/06/2011) e Alcaldía (14/06/2011), mediante acordo acadado na sesión ordinaria de 16/04/2015, presta aprobación ao seguinte:

- **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA DE MUSICA; CORRESPONDENTE O MES MARZO DE 2015.**

A devandita listaxe estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas, durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presenta-las reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcorrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra estes.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior ó contencioso - administrativo, perante a Xunta de Goberno no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.